

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

**A C O R D O:**

Na cidade de Ourense, a dezaioito de decembro de dous mil dous.

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de Comunal de Vilaseca, por solicitude dos veciños do lugar de Vilaseca, do Concello de Ourense (Ourense).

Resultando que con data 7 de novembro de 1995 tivo entrada, no rexistro da delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Vilaseca, Concello de Ourense (Ourense), solicitando se declare o monte "Comunal de Vilaseca" como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado Provincial en sesión celebrada en data 20 de decembro de 1995, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Manuel Bouzas Costa e José Manuel Baltar Blanco, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Vilaseca, ó presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó alcalde do Concello de Trasmiras, á Delegación provincial da



Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, e na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes: ó Servicio de Montes e Industrias Forestais e ó Servicio de Extensión Agraria, e ó Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural, publicándose edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello de Trasmiras durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, como segue:

Anotación Letra A da leira 9178, ó folio 185, do tomo 701, libro 71 de Trasmiras

Resultando que na reunión do Xurado do 30 de setembro de 1998, se adoptou o acordo de nomear instructora a Míriam Areal López en substitución de José Manuel Baltar Blanco nos expedientes de clasificación pendentes.

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.



Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable;  
e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar de Vilaseca, no Concello de Trasmiras.



Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar de Vilaseca, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar de Vilaseca, para que este xurado puidese acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:



**A C O R D A:**

Primeiro. - Clasifica- lo monte coa denominación de *Comunal de Vilaseca*, de 93 ha 55 a 60 ca , aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños do lugar de Vilaseca, no Concello de Trasmiras (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Trasmiras (Ourense)

Monte denominado: *Comunal de Vilaseca* integrado por 11 parcelas procedentes da concentración parcelaria de Trasmiras (Trasmiras- Ourense) cos números 585, 576, 575, 570, 654, 178, 180, 162, 181, 1.556, e 1.574

Comunidade propietaria: veciños de Vilaseca, parroquia de San Román de Vilaseca

Superficie: 93 ha 55 a 60 ca aproximadamente en conxunto.

Parcela nº 585:

Superficie : 42.400 m<sup>2</sup> ., aproximadamente.

Estremas:

Norte: parcela nº 583 de Isabel Rúa Pérez, nº 584 de José Pérez Carballo

Sur: canle de desaugadoiro

Leste: estrada de Sarreaus a Vila de Rei

Oeste: camiño



Parcela nº 576:

Superficie: 23.500 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: parcela 580 de Manuel Sotelo Freirie e nº 581 de Ana Sotelo

Rodríguez

Sur: canle de desaugadoiro

Leste: camiño

Oeste: Parcelas nº 578<sub>1</sub> e nº 578<sub>2</sub> de Jose Alonso Estravis

Parcela nº 575:

Superficie: 76.820 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: canle de desaugadoiro

Sur: Igrexa católica, Parcela nº 571 da parroquia de Vilaseca, nº 572 de

Francisca Rodríguez Álvarez, nº 573 de Modesto Alonso Estravís, nº 574 de Jose Fiz

Aguar

Leste: camiño

Oeste: camiño

Parcela nº 570:

Superficie 62.240 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: canle de desaugadoiro e ponte pola que ten acceso á camiño



Sur: camiño

Leste: camiño

Oeste: canle

Parcela nº 654:

Superficie: 22.320 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: camiño

Sur: Parcela nº 656 de Concepción Rodríguez Cuquejo e outros.

Leste: camiño

Oeste: Parcela nº 655 de Elena Fiz Aguiar

Parcela nº 178:

Superficie: 6.600 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: camiño

Sur: Parcela nº 177 de Jose Alonso Mellado

Leste: camiño

Oeste: Parcela nº 179 de José Alonso Alonso

Parcela nº 180:

Superficie: 362.070 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: camiño



Sur: camiño e canle

Leste: camiño

Oeste: canle

Parcela nº 162:

Superficie: 117.550 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: camiño

Sur: Parcela nº 161 de Juan Lozano Sotelo, nº 163 de masa común, nº 164 de Sixtina López Valcárcel, nº 165 de Antonio Fiz Aguiar, e nº 166 de Antonio López García.

Leste: camiño

Oeste: nº 160 de Juan Lozano Fiz, e canle de desaugadoiro

Parcela nº 181:

Superficie: 36.000 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas

Norte: canle

Sur: camiño

Leste: Parcela nº 182 de Francisco Rodríguez García

Oeste. Camiño.

Parcela nº 1.556:

Superficie: 158.260 m<sup>2</sup> aproximadamente



Estremas:

Norte: camiño, Parcelas nº 1.561 de propietario descoñecido, nº 1.559 de Antonio Rodríguez Rúa, nº 1.558 de Rosa Rodríguez López e nº 1.557 de Adela Alonso Alonso.

Sur: camiño

Leste: camiño

Oeste: camiño

Parcela nº 1.574:

Superficie: 27.800 m<sup>2</sup> aproximadamente

Estremas:

Norte: nº 1.573 de Irene Lozano Alonso

Sur: nº 1.579 de Manuel Alonso Alonso

Leste: camiño


Oeste: canle de desaugadoiro

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.


Notifíquese esta resolución ó alcalde-presidente do Concello de Trasmiras, ós representantes da comunidade veciñal, ó Servicio de Montes e Industrias Forestais (Consellería de Medio Ambiente), ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo



perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.)



ESCALA APROXI. 1: 6.000



DETALLE (



Asdo.: José Mariano Pérez Fernández

**NOTA:** Este plano parcial débese desglosar do para ser unido ás escrituras en que conste sucesivas transmisións da finca.

Zona: Trasmiras

Concello: TRASMIRAS

Provincia: OURENSE

Polígono

ESCALA APROX. 1: 6.000 **2**

O Director Xeral de Desenvolvemento Rural  
*[Signature]*  
Ascto. José Mariano Pérez Fernández



NOTA:  
Este plano parcial débese desglosar do para ser unido ás escrituras en que const sucesivas transmisións da finca.

**T A:** Este plano parcial débese desglosar do título para ser unido ás escrituras en que consten as sucesivas transmisións da finca.



 O Director Xeral de  
Desenvolvemento Rural



Asdo... José Mariano Pérez Fernández

**XUNTA**  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDEI  
E POLÍTICA AGROALIMENTARIA

Dirección Xeral de Desenvolvemento R.

Zona: Trasmiras

Concello: TRASMIRAS

Provincia: OURENSE

Polígono 3

ESCALA APROXI. 1: 6.000

